

## Acta da Comisión Permanente do día 12 de setembro de 2018

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 12/09/2018.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 12/09/2018.
- III. Recoñecementos/validación/adaptación de materias/créditos.
- IV. Acordos sobre solicitudes de ampliación de matrícula e matrícula a tempo parcial.

Ábrese a sesión ás 13 horas, na Sala de Xuntas situada no módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

### **1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 12 de xullo de 2018.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 12 de xullo de 2018.

### **2. Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias.**

En relación a dúas solicitudes de dous graduados en Enxeñaría da Enerxía, que se matricularon no Grao ERME, a Comisión Permanente celebrada o 24 de setembro de 2012 acordou o recoñecemento de materias comúns entre os dous graos que se imparten nesta escola: Grao de Enxeñaría da Enerxía e Grao dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, debido a que a súa docencia é conxunta e polo tanto o contido e o mesmo nos dous graos, nese acordo non se contemplaba o recoñecemento da materia “Proxectos” de 4º curso, que se imparte conxuntamente nos dous graos, por esa razón e ao ser a mesma materia nos dos títulos, esta Comisión acorda o recoñecemento directo, para os alumnos que así o soliciten, entre os dous graos impartidos neste centro da materia “Proxectos” de 4º curso.

Así mesmo, xa que no acordo da comisión celebrada o 24/09/2012 non se puntualiza se o recoñecemento da materia “Tecnoloxía eléctrica” de 3º curso do Grao ERME é para “Tecnoloxía eléctrica I” ou tamén “Tecnoloxía eléctrica II” do 3º curso do Grao EE, esta comisión aclara, e acorda o recoñecemento entre as seguintes materias:

TECNOLOXÍA ELÉCTRICA I / 3º curso / Grao de Enxeñaría da Enerxía	TECNOLOXÍA ELÉCTRICA / 3º curso / Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
---	---

En relación á solicitude presentada por un alumno procedente da Universidade de Málaga, esta comisión acorda recoñecerlle a materia “Empresa: Dirección e Xestión”, de formación básica, e que se solicite informe ao coordinador da materia “Matemáticas: Cálculo II” quedando ratificado por esta Comisión Permanente o informe favorable/desfavorable que o coordinador emita.

Finalmente, tamén se presentou unha solicitude de recoñecemento de tempo traballado (experiencia laboral) por créditos optativos de 4º curso. A Comisión acorda recoñecer este tempo traballado por 12 créditos optativos de 4º curso.

En resumo, esta Comisión Permanente acorda os recoñecementos que veñen detallados no anexo III.

**3. Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc...**

A Comisión Permanente acorda non autorizar a ampliación de matrícula a un alumno do Grao de Enxeñaría da Enerxía, que se recolle no anexo IV.

Así mesmo, a Comisión acorda aprobar, por asentimento, as solicitudes de matrícula a tempo parcial especificadas no mesmo anexo IV.

**4. Rogos e preguntas.**

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 8 minutos do día de hoxe, do que como secretaria dou fe en Vigo, doce de setembro de dous mil dezaioito.

Vº e praxe  
A Presidenta

A Secretaria

Elena Alonso Prieto

Ángeles Saavedra González

## ANEXO I

### Convocatoria da Comisión Permanente do 12/09/2018

## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 12/09/2018**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 12 de setembro de 2018</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretaria da Comisión</b>
Ángeles Saavedra González
<b>Subdirector/a</b>
María Araújo Fernández
<b>Profesorado</b>
Alfonso Mandado Vázquez
Carmen Pérez Pérez
Fernando García Bastante
Pablo Eguía Oller
<b>ESTUDANTES</b>
Nuria Antonio Fontán
Carmen Filgueira Sánchez
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

## ANEXO III

### Recoñecementos/validación/adaptación de materias/créditos



## ANEXO IV

### **Acordos sobre solicitudes de ampliación de matrícula e matrícula a tempo parcial**

Presentáronse solicitudes de ampliación de matrícula e matrícula a tempo parcial seguintes solicitudes:

- AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA:

- Don Alejandro Naveira López solicita ampliar a súa matrícula hasta los 90 créditos.

A Comisión Permanente non autoriza dita ampliación por non ter acreditado un “rendemento académico excepcional”, tal e como ven recollido no artigo 7.5 da Resolución de 21 de xuño de 2017, pola que se ordena a publicación da Normativa de Permanencia e Progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster.

- MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL:

- Dona Carla María Freaza Veloso – Motivación: médica.
- Don Hugo Fernández Oliveira – Motivación: outros estudos.
- Don Brais Suárez Pazos – Motivación: laboral.
- Dona Sheila Bernárdez Gómez - Motivación: laboral.
- Don Alejandro Cangas Sánchez – Motivación: laboral y familiar.

Vistas a xustificacións presentadas, a Comisión Permanente acorda conceder as matrículas a tempo parcial solicitadas.